

COMITÉ DE ÉTICA ASISTENCIAL

O Comité de Ética Asistencial, CEA, é un órgano consultivo interdisciplinar e autónomo, formado por un grupo autorizado de persoas da Área Sanitaria a quen pode dirixir as súas consultas cualquier usuario ou profesional da mesma, en relación cos conflitos morais ou éticos que poidan surxir na relación co sistema sanitario.



Que é un Comité de Ética Asistencial?

O comité de Ética Asistencial (CEA) é un **órgano consultivo interdisciplinar e autónomo**, ao servizo dos profesionais e dos usuarios dos centros sanitarios, constituído para analizar e asesorar na resolución de conflitos éticos que poidan surxir como consecuencia do labor asistencial.

Objectivos

Asesorar nos conflitos éticos que puideran xerarse no proceso de atención sanitaria co **objetivo final** de mellorar a dimensión ética da práctica clínica e a calidade da asistencia sanitaria.

Composición

O CEA está constituído por un **grupo de membros de carácter multidisciplinar**, de profesionais sanitarios, xestión e servizos, así como por avogados, persoal relixioso e un vogal leigo que representa á cidadanía. O persoal directivo da institución non poderán formar parte do CEA.

La **participación es voluntaria**, a título **individual** nunca en representación de ningunha asociación de tipo social, profesional, ideolóxica, confesional o de calquera outra índole, no está sujeta a remuneración ni compensación económica.

Funcións

Correspóndelle ao CEA asesorar e emitir informes sobre as cuestións técnicas relacionadas coa práctica clínica, que se produzan nas II.SS co fin de mellorar a calidade da asistencia sanitaria e a tal efecto:

- **Protexer** os dereitos do paciente.
- **Analizar e facilitar o proceso de decisión clínica** nas situacións que presentan conflitos éticos entre os seus intervinientes: o persoal sanitario, os pacientes ou usuarios e as institucións.
- Propoñer á institución **protocolos de actuación** para as situacións en que surxan conflitos éticos graves ou de modo reiterado.
- **Formación en bioética** dos profesionais tanto en atención especializada como en atención primaria e, moi en particular, na dos membros do comité.
- Elaborar a **memoria anual**.



Funcionamento e dinámica

- O CEA dispón dun regulamento interno.
- A metodoloxía xeral consiste en detectar conflitos de valores e deliberar sobre os cursos de acción, con elección do máis prudente. Todo iso axudado polos principios fundamentais da Bioética.
- Tras a deliberación emítese o correspondente informe, con recomendacións que será confidencial e non vinculante.
- A adopción dos acordos realízase tras un proceso de deliberación por consenso.

A quen asesora?

O comité poderá ser requirido na súa función asesora polos pacientes, profesionais sanitarios e pola institución, cando considere que son vulnerados os dereitos dos pacientes ou cando surxan conflitos éticos na práctica asistencial.

O CEA Ferrol traballa en coordinación coa Comisión Galega de Bioética.

Situacións que poden presentarse ao comité

- Confidencialidade
- Dereito á información
- Dereito ao rexeitamento ao tratamento
- Consentimento informado ou por substitución
- Instrucións previas
- Respecto ás crenzas personais
- Limitación do esforzo terapéutico
- Problemas éticos ao final da vida: sedación paliativa, dignidade no proceso de morte, situación terminal
- Outros.....

Non son funcións do Comité

- Promover actuacións xurídicas
- Realizar xuízos sobre a ética dos profesionais, pacientes, usuarios ou as institucións.
- Subrogarse ou substituír a responsabilidade de quen pediu asesoramento
- Propoñer sancións.
- Tomar decisións de carácter vinculante.
- Substituír aos Comités Éticos de Investigación Clínica.
- Outros.....

Os membros do comité **están obrigados a garantir a confidencialidade** respecto aos datos que coñezan no exercicio da súas funcións e o deber de gardalos, deber que subsistirá cando finalice a deliberación e cuando cese a súa pertenza ao Comité.

Como hacer una consulta?

O comité poderá ser requirido da seguinte maneira:

- Pacientes ou usuarios: a través do Servizo de Atención ao Paciente.
- Profesionais sanitarios e da institución: a través da secretaría do CEA, ao seguinte enderezo electrónico: comite.etica.asistencial.ferrol@sergas.es

Normativa

- **Decreto 177/2000, de 22 de xuño**, que regula a creación e autorización dos comités de Ética Asistencial. (DOG do 5 de xullo).
- **Decreto 97/2001, de 22 de marzo**, de regulación básica dos órganos de dirección, asesoramento, calidade e participación das institucións hospitalarias do Servizo Galego de Saúde (DOG de 15 de maio).
- **Regulamento del Comité de Ética Asistencial** da Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol.

